

# ORDENANZA REGULADORA DO SERVICIO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGAS.

## NATUREZA E OBXECTO DESTA ORDENANZA.

Artigo 1º.-Regula-lo Servicio Municipal de Abastecemento de Augas que se presta nas Vilas de Bóveda e Rubián e demais parroquias do Municipio.

## TÉRMINOS.

Artigo 2º.-As concesións de novas formas ou acometidas a rede, faránse mediante solicitude dos interesados e dacordo co Concello, previo informe e liquidación dos dereitos por éste ou a liquidación técnica. As peticións faránse individuais, ou sexa, unha por cada toma ou acometida e formularáse por impresos facilitados polo Concello.

Artigo 3º.-As tomas ou acometidas que se soliciten para utiliza-la auga, donde non existe rede de distribución, en caso de acceder a elo o Concello, deberán os interesados executa-la instalación correspondente de ampliación da rede con carácter provisional e sempre baixo control e dirección do persoal técnico do Concello, correndo a cargo do interesado todo-los gastos que se orixinen. A instalación, unha vez en funcionamento, pasará a ser propiedade municipal, e nestos casos, para evitar duplicidade de dereitos non se esixirán os de entronque desta rede provisional toda vez que serán feitos efectivos o solicitar novamente a toma ou acometida con dita rede para as fincas de que se trate.

Artigo 4º.-Unha sola acometida ou toma servirá únicamente para a finca que foi pedida, sin que permita extendela a varias, aínda estando contigua e pertencendo ó mesmo amo, salvo conveniencias de distribución para o Concello, en dito caso faríase a derivación fora da finca primitiva.

Artigo 5º.-Si por venta, ou outra causa, fora dividida a finca, os novos propietarios veránse obrigados a executar unha toma independente para cada unha.

Artigo 6º.-Toda finca abastecida terá unha chave ou chaves de paso corrientes para poder incomunica-la coa tubería xeral. Estas chaves serán necesariamente do modelo adoptado ou que se adopte polo Concello.

Artigo 7º.-Todos os traballos de acometidas serán dirixidos ou inspeccionados polo persoal nomeado polo Concello, o cal terá, sumo cuidado de que as obras realizadas, pezas de toma, chaves, arquetas e demais material empregado na execución de dita acometida, cumplan con todo-las esixencias do bón funcionamento do servizo e normas establecidas para estos usos.

## INSTALACIÓNS INTERIORES.

Artigo 8º.-As instalacións interiores das fincas poderán ser efectuadas por persoal alleo o Concello quedando responsables os propietarios das mesmas dos danos e perxuicios que poidan producir ou ocasionar a terceiros por calquer causa ou establecemento ou existencia das súas instalacións de auga, etc.

Artigo 9º.-Nas fincas que comprendan varias vivendas ou industrias e, por conseguinte, varios abonados, faránse as instalacións individuais en cada un deles, en forma de que os contadores poidan colocarse en aperturas ou arquetas adecuadas e todas xuntas, en batería e en lugar facilmente asequible do portal, patio ou baixo do edificio, norma que teráse en conta no caso de que sexa un soio abonado. Si houbera dificultade na elección do sitio do emplazamento, o propietario ou instalador deberá solicitar do Concello se lle fixe o lugar de colocación.

Artigo 10º.-Inmediatamente despois do contador levará a instalación un grifo de comprobación do mesmo diámetro en milímetros que o contador e unha chave de paso de bronce, modelo reforzado, de igual diámetro que o da tubería, a fin de que se poida suspender-lo servizo en casos determinados.

Artigo 11º.-Cando se instalen termosifóns ou calefaccións a presión, será obrigatoria a colocación dunha válvula de retención antes dos depósitos ou caldeira e no tube de alimentación dos mesmos, con obxecto de evitar que a causa de cruce na rede o aumento de presión nos aparatos, a auga quente poida saltar, desviarse, pasar as tuberías de subministro, co conseguinte prexuízo para os contadores, depósitos ou fervedores do termo. Recoméndase que nas mesmas se coloquen válvulas de expansión, con obxecto de evitar posibles explosións.

Artigo 12º.-Nos edificios que para evitar a falla de auga, avería ou corte no subministro, se instalen depósitos situados nos tellados ou terrazas, estos serán cubertos e ventilados, e construíránse de cemento, fibro-cemento ou similares, non debéndose utilizar nunca o plomo ou zinc polo perigo que significan para a formación de sales que contaminen a auga.

Artigo 13º.-Nos casos nos que pola forma de instalación destes depósitos poda pasar a auga dos mesmos a tubería xeral por falla de presión nelas, instalaráse tamén unha válvula de retención a saída dos contadores, o mesmo que no caso previsto no artigo 10º.

Artigo 14º.-O propietario da finca ou o concesionario ou abonado, no seu caso, será o responsable do cuidado e conservación das chaves de paso exteriores e interiores, e moi especialmente dos aparatos contadores. Demostrada a negligencia no cumprimento destas normas, así como o

abandono nas instalacións, deixando correr a auga innecesariamente, por ruptura das mesmas, cisternas deterioradas, etc. privaránsello do subministro de auga mentras non efectúe as oportunas reparacións.

Artigo 15º.-Todo concesionario ou abonado queda obrigado a permitir que calquer hora do día sexa visitada a súa instalación polos encargados municipais para tal cometido, sin que se poida poñer obstáculo algún a cantas comprobacións periódicas ou excepcionais se estimen pertinentes.

Os encargados aludidos anteriormente e que se consideran sempre autorizados polos donos ou inquilinos das fincas para entrar nelas, coidarán de facer consta-la data na que estas inspeccións teñan lugar así como o resultado do recoñecemento que deberá poñer inmediatamente en coñecemento do Concello ós debidos efectos.

A negativa dos interesados a autorizar estas revisións, será causa suficiente para retirarlles o servizo, sin dereito a reclamación algunha.

## **ABONADOS**

Artigo 16º.-Entenderáse por abonado, ós efectos desta Ordenanza toda persoa natural (ou xurídica) capacitada legalmente para contratar, que se lle concedera o aproveitamento do servizo.

Artigo 17º.-A concesión do servizo de auga, calqueira que sexa o uso a que se destine, faráse mediante a oportuna petición de alta e suscripción da póliza de abonados, na que o abonado declarará o seu nome e apelidos, razón social, domicilio, fin e usos a que se destinará a auga, renda por vivenda, establecemento ou finca e demais datos complementarios para o perfecto coñecemento e determinación da clase e importancia do servizo que se pretende e concesión e instalación do disfrute.

As peticións levarán implícito o compromiso do concesionario a cumprir-las disposicións consignadas na presente Ordenanza.

Artigo 18º.-o Concello, estimando por si a importancia e características dos aproveitamentos que se concedan poderá esixir un depósito como garantía do pago de subministro ata un máximo igual ó importe do precio mínimo bimensual da Tarifa contratada.

Artigo 19º.-Os peticionarios do servizo para usos domésticos presentarán ó propio tempo os documentos que esixan as disposicións seguintes ou considere oportuno o Concello.

Artigo 20º.-Non se concederá alta a abonados que se trasladen de domicilio e non se atopen o corrente no pago con relación ó domicilio anterior, circunstancia que se aplicará a todo solicitante que se atope ó descuberto en calqueira clase de subministros.

Artigo 21º.-O contrato de subministro terá unha duración dun mes, e anual para tarifas industriais, considerándose prorrogado por parzos iguais si por escrito non manifesta, con antelación de oito días, o seu desexo de rescindilo.

Artigo 22º.-No caso de cambeo de propietario ou arrendatario dunha finca ou vivenda é responsable do pago de subministro o primeiro, mentras non formule a baixa correspondente no Concello, e polo tanto, non cortara o mesmo e retirara o contador. Na mesma obriga atópase o abonado que por calqueira circunstancia deixa de usa-lo servizo de auga.

Artigo 23º.-Cando os abonados pechan o domicilio por ausencia de verán ou outras causas darán coñecemento anticipado de elo o Concello para aplicar-lles o mínimo obrigatorio, debendo aclarar o domicilio e persoa a quen presenta-los recibos de cobro.

## **CONTADORES**

Artigo 24º.-Para o debido coñecemento e control dos consumos que realicen os usuarios, estes estarán obrigados a instala-los seus contadores, as lecturas faránse periódicas e cos intervalos que estime convintes o Concello, tanto baixo o punto de vista de inspección como de cobranza.

Artigo 25º.-O diámetro dos contadores, todos do mesmo sistema e marca, en ningún caso será superior o da tubería en que se instale e estarán verificados oficialmente con resultado favorable.

Os gastos de verificación, reparación e demais que ocasionen os contadores serán de conta do abonado.

Artigo 26º.-A Administración municipal resérvase o dereito de prórrogar, cando o considere oportuno ou necesario, todo aparato contador no que o funcionamento resulte dudoso.

Artigo 27º.-As conexións de contadores faránse exclusivamente polo Persoal designado polo Concello.

Artigo 28º.-Os precintos colocados nos contadores pola Xefatura de Industria ou o Concello non poderán ser alterados con ningún pretexto polo abonados. Si por calquer accidente se rompera algún deles, o abonado estará obrigado a dar coñecemento inmediato para proceder a súa reparación.

Artigo 29º.-Cando ó concesionario se lle comunique que o contador da súa propiedade atópase en malas condicións de funcionamento, dispoñerá de quince días para a reparación do mesmo ou a substitución provisoria por outro debidamente verificado. Si transcurrido dito prazo non o houbera presentado no Concello en condicións de ser instalado, o Concello poderá colocar un da súa propiedade polo que o abonado satisfará o precio correspondente.

Artigo 30º.-No caso de paralización dun contador ou desarreglo tal que as súas indicacións non poden servir de base a algo en concreto, liquidaráse o consumo con arreglo a igual período do ano anterior.

Si non existira este dato, tomaráse a media aritmética dos tres meses anteriores ou, en todo caso, a cantidade mais aproximada a real, tendo en conta o número de grifos instalados na finca e outros que

interesen a esta finalidade.

Artigo 31º.-O Concello poderá adquirir os contadores en propiedade ó precio de factura pagada actualmente polos abonados e con arreglo as seguintes deducións:

\*\* 10 % do seu custo si adquire a propiedade ó ano de ser instalado.

\*\* 20 % do seu custo si adquire a propiedade ós dous meses de ser instalado.

\*\* 30 % do seu custo si adquire a propiedade ós tres anos de ser instalado.

\*\* 40 % do seu custo si adquire a propiedade ós catro anos de ser instalado.

Pasados os catro anos de ser instalados os contadores faráse, para a adquisición dos mesmos polo Concello, unha valoración adecuada.

### **RESPONSABILIDADES POLO INCUMPRIMENTO DESTAS NORMAS.**

Artigo 32º.-Ninguén poderá utilizar o servizo sin haber formulado o compromiso de abono. O que así o faga incurrirá na sanción que lle impoña a Alcaldía, sin prexuízo da liquidación e pago das cuotas defraudadas.

Artigo 33º.-Salvo no caso de incendio e aínda así poñerano inexcusablemente en coñecemento do Concello, baixo ningún pretexto poderán os abonados ou os seus representantes:

a) Empregar a auga para usos distintos ós figurados na póliza de abono.

b) Vender ou ceder a auga que lle suministre o Concello a favor de terceiros.

c) Deixar correr a auga sin necesidade.

d) Abrir, nin facer uso dos rexistros que encerran os aparatos de toma, chaves de paso, aforo e outros servizos.

e) Establecer ningún ramal entre a toma e o aparato que verifique o aforo, nin facer derivacións da instalación para outros locais ou vivendas diferentes a consignada na póliza.

A contratación de calqueira destes mandatos dará lugar a imposición de sancións de 500 a 5.000 pesetas pola Alcaldía, atendéndose a gravidade e importancia da falla, sin prexuízo de retirar temporalmente ou definitivamente o servizo.

Artigo 34º.-Igualmente incurrirán en sanción de 1.000 a 5.000 pesetas que se graduará según a importancia de cada caso, os particulares, entidades, empresas e sociedades que cometan actos, omisións ou inexactitudes que tendan a aminorar ou eludir o pago dos dereitos correspondentes, utilizando fraudulenta e artificialmente os servizos e instalacións, sin prexuízo de esixirlles a efectividade das cuotas degradadas ou aminoradas.

Artigo 35º.-As precedentes sancións son de carácter fiscal e impoñeránse sin prexuízo das responsabilidades a que teña lugar pola aplicación das oportunas leis ou regulamentos seguintes.

Artigo 36º.-As cuotas lexitimamente impostas en virtude desta Ordenanza que non puideran facerse efectivas no proceso recaudatorio e executivo darán lugar a suspensión e corte do servizo con suxección os preceptos regulamentarios, causando baixa o interesado ou abonado.

### **DECLARACIÓN DE FALLIDOS.**

Artigo 38º.-O Concello, por razóns hixiénico-sanitarias, declara o servizo obrigatorio para toda clase de vivendas tanto do casco urbán, como do rural a donde chegue a rede de distribución.

Artigo 39º.-O Concello non se fai responsable por interrupción involuntaria do servizo e en caso de escasez por calqueira motivo resérvase o dereito de suspendelo en zonas que mais conveño ou en toda-la distribución en determinadas obras, subordinando en todo caso os demais consumos o de servizos públicos xerais.

Artigo 40º.-Nas interrupcións do servizo ocasionadas por accidentes de tubería ou obras necesarias así como por causas fortuitas, o Concelo exímese da obriga de facer descontos, sempre que ditas interrupcións non duren máis de seis días, si excedese dese prazo faráse un desconto proporcional o tempo transcurrido de exceso de ditos seis días no tempo do abono os interesados que non consumiran o mínimo establecido.

Artigo 41º.-Toda interrupción do servizo imputable directamente o abonado, non será obxecto de desconto algún, calqueira que fose a súa duración.

Artigo 42º.-No non previsto nas presentes Ordenanzas estarase ó disposto na Lei de Réximen Local e nos seus Regulamentos e Ordenanzas fiscais xa vixentes e demais disposicións de aplicación.

Artigo 43º.-Esta ordenanza empezará a rexir, unha vez aprobada polo Pleno desta Corporación, exposta ó público para examen e reclamacións e continuará vixente ata que tanto en tempo e forma a Corporación acorde a súa modificación ou derogación.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA.**

A partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia das devanditas modificacións introducidas nesta Ordenanza, establécese un prazo de oito meses, dentro dos cales aqueles abonados actuais que contén cun único contador para consumos domésticos e actividades suxetas a Licencia Fiscal, poderán instalar outro ou outros contadores sin paga-la tarifa B

Mentras sigan atopándose nesta situación aplicaráselles a tarifa industrial.

### **APROBACIÓN E VIXENCIA.**

## DISPOSICIÓN FINAL

1.-A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comenaráse a aplicar a apartir do día \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 1.99\_\_ ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

2.-A presente Ordenanza, que consta de cuarenta e tres artigos, foi aprobada polo \_\_\_\_\_ en sesión \_\_\_\_\_ celebrada o día \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de mil novecientos noventa e \_\_\_\_\_